

APOIO AO PECHE DO LECER NOCTURNO [TR750A]



Persoas beneficiarias

Persoas autónomas, microempresas ou pemes que desenvolvan a actividade económica dun establecemento de lecer nocturno **acollidas ao peche opcional** desde as 0.00 horas do 31 de decembro de 2021 ata as 03.00 horas do 3 xaneiro de 2022, segundo o establecido na orde da Consellería de Sanidade do 29 de decembro de 2021.



Aberto o prazo ata o **15 de marzo**

Orzamento: 3.500.000 €

Se entende por lecer nocturno as **discotecas, pubs, cafés espectáculo, salas de festas, salas de concertos, café concerto, café teatro, café cantante e tablaos flamenco, cafés de categoría especial e karaokes** encadrados no catálogo definido no Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

Quedan excluídos os establecementos de lecer nocturno que realizasen promocións, anuncios ou publicidade dos indicados eventos a través de redes sociais, mensaxes de difusión ou cartelería tradicional.



Contía das axudas

Esta axuda é compatible coas demais axudas que poidan outorgar as administracións públicas, sempre e cando se respecten os límites establecidos no Marco temporal.

O importe da axuda determinarase por establecemento e en función dos metros cadrados do local, segundo a seguinte escala:

Establecemento de ata de 100 m²	2.500 € / establecemento
Establecemento de máis de 100m² e ata 250 m²	5.500 € / establecemento
Establecemento de máis de 250m² e ata 500 m²	9.000 € / establecemento
Establecemento de máis de 500m² e ata 700 m²	14.000 € / establecemento
Establecemento de máis de 700m² e ata 2.000 m²	27.000 € / establecemento
Establecemento de máis de 2.000m²	45.000 € / establecemento

APOIO AO PECHE DO LECER NOCTURNO [TR750A]



Requisitos das persoas beneficiarias

- Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- Atoparse de alta na actividade económica como mínimo desde o 1 de novembro de 2021 e, no caso de persoas autónomas, estar de alta no RETA desde a mesma data.
- Non ter adiantado ou atrasado a outras datas as festas ou eventos.
- Ter realizado a comunicación previa antes das 00.00h do 31/12/2021, segundo o previsto na Orde de 29 de decembro de 2021 da Consellería de Sanidade.
- Non tratarse de empresas ou persoas autónomas que estivesen en crise o 31 de decembro de 2019.

O concepto de "empresa en crise" ven definido no punto 18º do artigo 3º do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, dispoñible a través deste código QR.



- Pulsa para acceder -



Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias, entre outras:

- Estar ao día das súas **obrigas tributarias estatais e autonómicas** e coa **Seguridade Social** e non ter pendente de pagamento ningunha outra **débeda**, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade á proposta de pagamento da subvención.
- Comunicarlle ao órgano concedente **calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención**, así como dos compromisos e obrigas asumidos.
- Adoptar as medidas adecuadas de **difusión para dar publicidade do financiamento público** das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade e polo Fondo Social Europeo.
- **Manter o emprego declarado a 30/11/2021**, por conta propia e/ou allea, ata o 30 de xuño de 2022.
- **Presentar os indicadores de resultado a longo prazo** a través da aplicación Participa 1420 ou co modelo do portal da Consellería de Emprego e Igualdade, **seis meses despois do 30 de xuño de 2022**.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -